Recibou ao delegado do Goberno na primeira visita institucional ao Parlamento, na que lle desexou moitos éxitos nesta nova responsabilidade

A PRESIDENTA DO PARLAMENTO ANIMA A ANTÓN LOURO A TRANSMITIR AO GOBERNO CENTRAL "TODAS AS NECESIDADES DOS GALEGOS E DE GALICIA"

Santiago, 18 de maio de 2009.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, recibiu esta mañá no seu despacho da Cámara ao novo delegado do Goberno en Galicia, Antón Louro, ao que lle desexou "moitos éxitos" nese cometido, convencida de que "os seus éxitos serán tamén éxitos de Galicia".

Pilar Rojo aproveitou a primeira visita institucional de Antón Louro ao Parlamento para animalo a "transmitirlle ao Goberno de España todas as necesidades, peticións e inquedanzas dos galegos e de Galicia".

A presidenta do Parlamento expresou tamén, en nome propio e no da Cámara, a súa benvida a Antón Louro como delegado do Goberno ao Parlamento de Galicia, "que é a súa casa e a de tódolos galegos".

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete de Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es